

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda**, á iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á elaboración dun plan galego para a redución de gases.

Exposición de motivos

Segundo o Ministerio de medio ambiente e a Axencia europea de medio ambiente, entre 1990 e 2012 as emisións de gases causantes do cambio climático aumentaron en Galiza nun 6,3%. No mesmo período, estas emisións diminuíron na Unión Europea nun 19,2%. En 2011, as emisións galegas por habitante emitidas en toneladas eran de 7,6 en Galiza, por riba das 5,9 do Estado español, das 7 da Unión Europea e das 4,5 do resto do mundo. Os sectores que máis emisións producen son a produción de electricidade por carbón e o transporte. En 2012 supuxeron un 56,4 % do total. O freo ás enerxías renovables no noso país, está a contribuír a que as emisións continúen a aumentar. Aínda que as emisións por transporte están a baixar por mor da crise económica, aumentaron nun 48% en termos absolutos desde 1990.

Os datos mostran que non está a haber políticas centradas na loita contra o cambio climático. Cómpre medidas que se tomen en serio un dos maiores problemas de futuro, e que non se queden en medidas cosméticas.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición de lei para o seu debate no Pleno:

1) O Parlamento Galego insta á Xunta á creación dun Plan galego de redución das emisións de gases causantes do cambio climático que pivote nestes tres eixes:

- Priorización das enerxías renovables, así como aposta pola xeración distribuída de enerxía renovable e polas campañas de redución do consumo, e substitución das fontes de enerxía máis contaminantes.
- Aposta pola mobilidade sustentable, desincentivando o uso do transporte contaminante e individual e incentivando os medios de transporte menos contaminantes e colectivos.
- Aposta por un modelo agrario e alimentario sustentable.

En Compostela, a 27 de agosto do 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/08/2015 09:55:04